



XIV **Asemblea Nacional de Esquerda Unida**

RESOLUCIÓN APROBADA

**O INIMIGO PRINCIPAL ESTÁ NA CASA:
CONTRA O REARME E OS GOBERNOS QUE
O PROMOVEN**

Compostela, 12 de abril de 2025

O INIMIGO PRINCIPAL ESTÁ NA CASA: CONTRA O REARME E OS GOBERNOS QUE O PROMOVEN

Esquerda Unida oponse á subida dos gastos militares nos orzamentos estatais e considera que **ningún militante de esquerdas íntegro pode formar parte de gobernos que avalen estes créditos de guerra** nin apoialos en asembleas parlamentarias.

A cuestión da guerra leva anos incrementando a súa relevancia na discusión política. Coa entrada de Trump á presidencia dos Estados Unidos, **o discurso do “rearme” de Europa gaña forza**, concretado na esixencia de subir a porcentaxe do PIB dedicado a defensa e a proposta do “exército da UE”. Cabe asumir que este será un dos asuntos centrais dos próximos anos e que terá relevancia na axenda política galega, non só polo efecto noutras partidas orzamentarias senón tamén **na conexión de efectivos galegos coa OTAN**. Destaca, por exemplo a integración de diversas fragatas (Méndez Núñez, Cristóbal Colón, Álvaro de Bazán ou Blás de Lezo) e buques (Patiño), vinculados ao Arsenal Militar ferrolán, na Agrupación Naval Permanente da OTAN número 2 (SNMG-2) e en manobras como o Steadfast Dart 25.

Galicia non permanece allea aos tambores de guerra que comezan a soar dende Bruxelas e a Moncloa. O rearme capitalista dirixírase a fortalecer o aparato bélico do capital na loita por ampliar ou controlar as zonas de influencia dos diferentes actores internacionais. A expansión da OTAN ao este amosa o propósito central da política bélica dos gobernos europeos. A través de subterfuxios como tratar de resaltar quen deu o primeiro paso na escalada bélica ou presentar o aumento do gasto militar como unha medida exclusivamente defensiva ante ameazas que en ningún caso afectarán á clase obreira do noso estado, os gobernos actuais, socialdemócratas, conservadores, liberais ou de extrema dereita preparan **un escenario no que os e as traballadoras poñerán os mortos e a burguesía recollerá os resultados**.

A relación da esquerda coa guerra ten sido historicamente un elemento divisor entre unha esquerda socialchovinista e sometida aos intereses da burguesía e unha esquerda verdadeiramente revolucionaria. O escenario actual abre un momento de deslinde similar, no que a nosa organización ten que ser implacable na defensa dos intereses da clase obreira. Ningún militante que se prece pode dúbida con respecto ás esixencias deste momento da historia: **o internacionalismo propio de Izquierda Unida require poñer os intereses da clase obreira internacional por enriba dos intereses da burguesía nacional**. O noso deber como internacionalistas non é só opoñerse enerxicamente ao aumento do gasto militar e rachar cos representantes políticos do belicismo burgués. Os nosos deberes tamén están en sinalar a actitude chovinista e clasista de quen aposte polo rearme como ferramenta de confrontación.

Non debemos sucumbir á inxenuidade de afirmar que a presenza de IU no goberno poñerá límite ao incremento do gasto militar e o prexuízo ás partidas sociais dos orzamentos.

Primeiro, porque durante o goberno de coalición o orzamento militar xa ten aumentado a súa relevancia no PIB, cun aumento do 50% (7 mil millóns máis) de 2019 a 2023. Segundo, porque o PSOE xa se ten comprometido a buscar solucións incluso ao bloqueo parlamentar, empregando fórmulas dependendo do Consejo de Ministros que obrigará a militantes de IU a actuar en consecuencia. A cuestión non é se IU será quen de impedir o incremento do gasto militar: este incremento xa se ten producido e será máis acusado no futuro. A cuestión é

identificar cales son os deberes internacionalistas e solidarios da nosa organización ante esa tesitura. Esquerda Unida teno claro: non caben escusas nin transaccións cando se trata de decidir sobre o reforzamento da estrutura militar empregada para someter os pobos do mundo aos intereses da burguesía. Ningún militante de IU debería formar parte dun goberno burgués que aumenta o gasto militar para lanzarnos a unha guerra que asolagaría os campos de batalla con corpos de traballadores e traballadoras mentres a burguesía se repartiría o mundo e se dedicaría a contar o beneficio económico derivado da guerra.

Máis de un século despois da primeira guerra mundial, as ensinanzas dos representantes do proletariado máis clarividente amósanse de novo esenciais. Como sinalou Karl Liebknecht durante a erupción desa guerra, debemos cuestionarnos por **canto tempo os tafures imperialistas abusarán da paciencia dos pobos**, debemos loitar contra os instigadores da guerra, de aquí e do estranxeiro. Neste sentido, o inimigo principal está na casa. O noso deber fundamental será opoñernos por todos os medios dispoñibles contra o goberno español se este inicia a senda do rearme.

Abonda xa de paciencia cos partidos burgueses do rearme, nada xustifica compartir gabinete ou apoiar a guerra do capital. **O inimigo principal está na casa!**

